| CURSO DE TELEFORMACIÓN 'FERRAMENTAS DE FINANCIAMENTO ÉTICO E ALTERNATIVO ' | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **DATA INICIO** | 23/05/17 | **DATA FIN** | 13/06/17 | **DURACIÓN** | 30 horas |
| **HORARIO** | Informarase ao alumnado do horario de atención da persoa titora | | | | |
| **LUGAR CELEBRACIÓN:** | Formación a través de internet. Precísase acceso á ordenador e conexión a internet | | | | |
| **Persoa de contacto** | Patane García Méndez | | | **teléfono** | 881 887 456 |
| | | | | **e-mail** | patane@espazo.coop |

**Obxectivos**

Este curso está orientado a fornecer coñecementos financeiros básicos que axuden ás persoas e ás empresas na resolución destas necesidades. Partindo dunha visión crítica da banca tradicional, analizamos o papel das finanzas éticas, e dentro delas da banca ética, de cara a unha reconfiguración da función do diñeiro como unha ferramenta ao servizo das persoas, as empresas e a economía produtiva.
Coñecer as funcións do diñeiro esixe tamén coñecer o papel dos intermediarios financeiros e dos mercados financeiros, e a súa relación coa actividade económica e empresarial. Neste sentido, cobra especial relevancia a análise dos principais produtos financeiros, en especial aqueles aos que poden recorrer as empresas para o financiamento dos seus proxectos e investimentos.

**Programa**

- Tema 1 . Finanzas éticas
- Tema 2 . Finanzas éticas ao servizo das persoas e da economía produtiva
- Tema 3 . Os principais instrumentos de financiamento ético e alternativo
- Tema 4. Experiencias de finanzas éticas e financiamento solidario en Galiza, no Estado e no mundo

**Metodoloxía**

Este curso desenvólvese na modalidade de teleformación. As persoas participantes deberán ter acceso á internet e o correo electrónico para poder realizar as actividades do curso e manterse en contacto coa persoa titora que as guiará no desenvolvemento da acción formativa

**DIRIXIDO A**

Persoas que traballan ou colaboran con entidades de economía social e solidaria, tanto do sector de mercado (cooperativas, sociedades laborais, confrarías, Centros Especiais de Emprego, Empresas de inserción) como de non mercado (Asociacións, Fundacións, etc.). Público en xeral interesado en coñecer mais de preto as ferramentas de financiamento alternativo e ético que, na actualidade, están ao servizo dun desenvolvemento económico ético e sostible.
Composición do grupo: mínimo 15 persoas e máximo 30